

John Cheever

O nadador

Nota do editor

O nadador (*The Brigadier and the Golf Widow* na súa edición orixinal de 1964) é o quinto dos seis volumes de contos que publicou John Cheever, e o mellor de todos eles, na opinión de críticos como William Pelen. Os contos que compoñen este volume publicáronse antes na revista *The New Yorker*, nas datas sinaladas entre parénteses:

- A casta Clarissa (xuño de 1952)
- Só unha vez máis (outubro de 1955)
- *A bella lingua* (marzo de 1958)
- A profesora de música (novembro de 1959)
- Unha muller sen país (decembro de 1959)
- Clementina (maio de 1960)
- As casas da praia (xullo de 1961)
- O anxo da ponte (outubro de 1961)
- O brigadier e a viúva do golf (novembro de 1961)
- Unha visión do mundo (setembro de 1962)
- Reencontro (outubro de 1962)
- Metamorfoses (marzo de 1963)
- Unha americana instruída (novembro de 1963)
- O océano (agosto de 1964)
- «Marito in città» (xullo de 1964)
- O nadador (xullo de 1964)

A Alwyn Lee

O brigadier e a viúva do golf

Non quería ser eu un deses escritores que comezan cada mañá exclamando: «Oh, Gógol, oh, Chékhov, oh, Thackeray e Dickens! Que seríades capaces de facer vós cun refuxio atómico adornado con catro patos de escaiola, un bebedoiro para paxaros e tres gnomos de longa barba e gorro vermello?». Como digo, non quería empezar o día así, pero moitas veces pregúntome que farían eses escritores defuntos. O caso é que o refuxio forma parte da miña paisaxe tanto coma as faias e os castiñeiros de Indias do outeiro. Véxoo dende esta fiestra a carón da cal escribo. Construírono os Pastern, e álzase no acre de terreo contiguo á nosa propiedade. Destácase baixo un veo de herba fina e nova, coma unha especie de molesto defecto físico, e creo que a señora Pastern puxo as estatuas para suavizar o seu significado. Sería algo moi propio dela.

Era unha muller moi pálida. Sentada na súa terraza, na súa sala ou en calquera outro sitio, dedicábase a afiar a machada da súa autoestima. Se lle ofrecías un té dicía: «Vaia, estas cuncas son iguais ás dun xogo que lle dei o ano pasado ao Exército de Salvación». Se lle ensinabas a piscina nova dicía, dando unha palmada no nocello: «Supoño que aí é onde criades estes mosquitos xigantescos». Se lle achegabas unha cadeira dicía: «Vaia, é unha boa imitación daquelas cadeiras estilo Raíña Ana que herdei da avoa Delancy».

Estas fanfurriñadas eran máis entenecedoras ca outra cousa, e daban a entender que as noites eran longas, os seus fillos desagradecidos e o seu matrimonio un farrapo

do que xa non se aproveitaba nada. Vinte anos antes consideráranse unha viúva do golf¹. O seu carácter era quizais o resultado conxunto dos seus padecementos. Adoitaba vestir de negro, e un descoñecido que a vise subir a un tren podería imaxinar que o señor Pastern morrera. Pero o señor Pastern non morrera, nin moito menos, senón que ía dun lado ao outro do vestiario do club de golf Grassy Brae, berrando: «Hai que bombardear Cuba! Hai que bombardear Berlín! Temos que guindarlles unhas cantas bombas atómicas para que saiban quen manda!». Era o brigadier da infantería lixeira dos vestiarios do club, e sempre lle estaba declarando a guerra a Rusia, a Checoslovaquia, a Iugoslavia e á China.

Todo comezou unha tarde de outono. Quen é capaz, despois de tantos séculos, de describir a delicadeza dun día de outono? Un podería finxir que nunca viu un así, ou, de maneira máis pretenciosa, que nunca habería outro así. O claro e escrutador varrido do sol sobre o céspede era coma o clímax de todas as luces do ano. Nalgún sitio estaban a queimar follas, e o fume, a pesar da súa acidez amoniacal, cheiraba a algo que comeza. O aire azul e infinito estendíase por riba do cénit coma a pel dun tambor.

Ao saír da súa casa unha tardiña, a señora Pastern detívose a admirar a luz de outubro. Era o día da colecta contra a hepatite infecciosa. Á señora Pastern déranlle dezaseis nomes, un feixe de folletos e un talonario de recibos. A súa tarefa era visitar os seus veciños e recoller os seus cheques. A súa casa estaba nunha cuíña, e antes de montar no coche contemplou as casas que se estendían máis abaixo.

1 Unha esposa que pasa moito tempo soa porque o seu marido vai xogar ao golf ou participa noutras actividades de lecer que a exclúen a ela. (Todas as notas son do tradutor.)

Sabía que as obras de caridade eran un asunto complexo e recíproco, e practicamente todos os tellados que vía significaban unha obra de caridade. A señora Balcolm encargábase do cerebro. A señora Ten Eyke dedicábase á saúde mental. A señora Trenchard ocupábase dos cegos. A señora Horowitz era a responsable das enfermidades do nariz e da gorxa. A señora Trempler da tuberculose, a señora Surcliffe da parálise infantil, a señora Craven do cancro, e a señora Gilkson facíase cargo do ril. A señora Hewlitt levaba a liga para o control da natalidade, a señora Ryerson a artrite, e ao lonxe podía verse o tellado de lousa da casa de Ethel Littleton, un tellado que significaba gota.

A señora Pastern asumía a tarefa de ir de casa en casa coa despreocupada resignación dunha traballadora honrada e tradicional. Era o seu destino; era a súa vida. Xa a súa nai o fixera antes ca ela, e mesmo a súa anciá avoa xa recadara cartos para a varíola e para as nais solteiras. A señora Pastern chamara antes por teléfono a maioría das súas veciñas, e case todas a agardaban. Non sufría a incerteza deses coitados vendedores anónimos de enciclopedias. De cando en vez prolongaba a visita e tomaba unha copíña de xerez. As achegas superaban xa o que recadara o ano anterior, e aínda que o diñeiro, por suposto, non era seu, emocionábaa levar o peto cheo de cheques por cantidades importantes.

Parou na casa dos Surcliffe cando xa escurecera, e alí tomou un whisky con soda. Quedou bastante tempo, e cando marchou xa era noite e hora de volver á casa para facerlle a cea ao seu marido.

—Xuntei cento sesenta dólares para o fondo contra a hepatite —dixo, excitada, cando el entrou—. Visitei a todos os da lista menos os Blevin e os Flannagan. Quería entregalo todo mañá pola mañá. Podes ir ti onda eles mentres fago a cea?

–Pero eu non coñezo os Flannagan –dixo Charlie Pastern.

–Non os coñece ninguén, pero o ano pasado déronme dez dólares.

Estaba canso e preocupado polos negocios, e ver a súa muller poñendo unhas costeletas de porco na grella só lle parecía a prolongación dun día aburrido, así que colleu de boa gana o descapotable e foi a toda velocidade ata a casa dos Blevin, pensando que quizais lle ofrecesen unha copa. Pero os Blevin non estaban; a doncela deulle un sobre cun cheque e pechou a porta. Ao enfiar o camiño de entrada dos Flannagan intentou lembrar se os vira algunha vez. O apelido animouno, porque sempre lle parecera que sabía *manexar* os irlandeses. A porta principal tiña un vidro, e por el puido ver un vestíbulo onde unha rubia repoluda arraxaba unhas flores.

–Hepatitis infecciosa! –berrou el cordialmente.

Ela mirouse ben no espello antes de volveuse e dirixirse á porta, avanzando con pasos moi curtos.

–Ai, pase, por favor –dixo.

A súa voz de nena era case un murmuro, aínda que el ben vía que de nena non tiña nada. Levaba o pelo tinguido, o seu esplendor apagábase, e debía de roldar os corenta anos, aínda que parecía ser unha desas mulleres que se aferran ás maneiras e ás grazas dunha bonita nena de oito.

–Acaba de chamar a súa muller –dixo, separando unha palabra da outra exactamente como fan os nenos–. Creo que agora non teño nada aquí, de cartos, refírome, pero se agarda un momento esténdolle un cheque, se dou atopado o talonario. Por que non pasa á sala de estar, que é máis agradable?

Viu que se acababa de acender o lume e que se preparara o necesario para servir unhas copas, e a súa resposta

ante aquelas comodidades foi instantánea, como a dun can sen dono calquera. Onde estará o señor Flannagan?, preguntouse. Volvendo para a casa no último tren? Cambiándose de roupa no piso de arriba? Duchándose? No outro extremo do cuarto había un escritorio cunha morea de papeis, e ela púxose a remexer neles, soltando suspiros e lamentos de exasperación infantil.

—Lamento moitísimo facelo agardar —dixo—. Non quererá servirse unha copa entrementes? Ten todo na mesa.

—En que tren chega o señor Flannagan?

—O señor Flannagan non está —dixo ela. Baixou o ton de voz—. O señor Flannagan leva seis semanas de viaxe...

—Entón tomo unha copa, se vostede toma tamén unha comigo.

—Pero prométame non cargala moito.

—Sente —dixo Charlie—, disfrute da copa e xa buscará o talonario despois. Para atopar as cousas cómpre buscalas con calma.

En total tomaron seis copas. Ela describiuse a si mesma e as circunstancias da súa vida sen vacilacións. O señor Flannagan fabricaba depresores linguais de plástico e viaxaba por todo o mundo. Pero a ela non lle gustaba viaxar. Mareábase nos avións, e en Toquio, onde estivera aquel verán, déranlle peixe cru para almorzar, de modo que volvera para a casa inmediatamente. Antes, o seu marido e ela viviran en Nova York, onde ela tiña moitos amigos, pero el pensaba que en caso de guerra o campo sería máis seguro. Ela, en cambio, prefería vivir en perigo que morrer de soitude e de aburrimiento. Non tiña fillos; non fixera amigos.

—Pero a vostede téño visto —díxolle con finxidísima timidez, e dándolle unhas palmadas no xeonllo—. Téño visto paseando os cans o domingo e conducindo o seu descapotable...

Conmoveuno pensar na soidade daquela muller sentada diante da súa fiestra, se ben aínda o conmoveu máis a súa repoludez. El sabía que a simple repoludez non cumpre ningunha tarefa vital no corpo nin ten funcións procreadoras. Só serve como almofadado suplementario para o resto da estrutura. E coñecendo o humilde posto que iso ocupaba na escala das cousas, por que tiña el que sentirse, naquel momento da súa vida, case inclinado a vender a súa alma por aquela repoludez? Ao principio, os comentarios que ela fixo sobre os sufrimentos dunha muller solitaria parecían tan directos que el non sabía como tomalos, pero tras a sexta copa rodeouna co brazo e propúxolle subir ao piso de arriba e buscar alí o talonario de cheques.

—Nunca fixera isto —dixo ela máis tarde, cando el se dispoñía a marchar.

A voz tremíalle de emoción, e a el pareceulle encantador. Non dubidou da súa sinceridade, aínda que xa oíra esas palabras centos de veces. «Nunca fixera isto», dicían sempre, mentres se sacudían para facer caer os vestidos e deixar ao descuberto os brancos ombreiros. «Nunca fixera isto», dicían sempre, mentres esperaban o ascensor no corredor do hotel. «Nunca fixera isto», dicían sempre, mentres se servían outro whisky. «Nunca fixera isto», dicían sempre, mentres poñían as medias. En barcos no medio do mar, en trens, en hoteis de veraneo con vistas á montaña, dicían sempre: «Nunca fixera isto».

—Onde estiveches? —preguntou a señora Pastern con voz triste cando el chegou á casa—. Son máis das once.

—Estiven tomando unhas copas cos Flannagan.

—Ela díxome que o seu marido estaba en Alemaña.

—Volveu inesperadamente.